





DE CANDO A HUMANIDADE APRENDEU A SEMENTAR

PROXECTO DE NIVEL
5º EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO
(VIGO)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Xustificación

A evolución humana invítanos a reflexionar sobre o noso papel como gardiáns da Terra e a tomar medidas para protexela para as xeracións futuras.

Jane Goodall

Este proxecto xorde a partir das preguntas que os nenos e nenas foron formulando a partir do **Proxecto Documental Integrado** [A horta da Tomasa](#). Este foi organizado desde a biblioteca do centro para facer partícipe a toda a comunidade educativa da importancia que supón a creación e coidado dunha horta escolar.

Así pois, o grupo de **5º de Educación Infantil**, formado por **dúas aulas de 22 nenos/as cada unha**, centrouse en:

- As orixes da agricultura, cando comezou?
- Cales foron os primeiros cultivos?
- A importancia que tivo a agricultura para a vida en sociedade e para a nosa evolución humana...

Este proxecto, que resultou altamente motivador para o noso alumnado, permitiu descubrir a importancia do noso pasado, pois somos o resultado de catro millóns de anos de evolución. A abundancia de restos arqueolóxicos na nosa comunidade autónoma facilitounos un achegamento á Prehistoria a través do noso propio patrimonio, contribuíndo a fomentar o respecto pola nosa historia e a nosa tradición cultural.

1.2. Calendario de realización e participantes

O noso proxecto desenvolveuse **ao longo do curso 2022–2023**, concretamente entre os meses de outubro e xuño, tal e como se detalla no punto 3 desta memoria.

Houbo unha grande **implicación da comunidade educativa**, en concreto daqueles

mestres/as cunha maior incidencia no grupo:

- **Titoras de Infantil 4 anos:** María Teresa Prieto Blasco e Noelia Morata Costas
- **Mestras de Apoio:** Laura Pérez Alfonso e Ana Belén Da Silva Diego
- **Equipo de biblioteca:** Mónica Muñoz Sobrino
- **Mestras de Audición e Linguaxe:** María Jario e Sara Araújo

O **equipo de biblioteca coordinou o traballo de investigación** ofrecendo un recuncho da biblioteca do centro con libros de consulta, contos e poemas relacionados co tema que estivo á nosa disposición para a nosa investigación.

Por outra parte, as **familias xogaron un papel importante** apoiando ao alumnado no proceso de investigación, elaborando e aportando materiais, libros de consulta e maquetas que axudaron a coñecer mellor a importancia desta etapa da historia.

1.3 Contidos e competencias básicas

Tendo en conta as 3 áreas nas que se enmarca o currículo de infantil segundo o Decreto 150/2022 formuláronse os seguintes **obxectivos** e **contidos**:

OBXECTIVOS	CONTIDOS
1. Coñecer as características principais da Prehistoria e das súas etapas. 2. Familiarizarse cos diferentes aspectos da vida na prehistoria. 3. Recoñecer e valorar o patrimonio prehistórico local e a súa importancia para a nosa identidade. 4. Desenvolver habilidades de investigación e expresión creativa a través de actividades relacionadas coa prehistoria.	1. As etapas da Prehistoria e as súas principais características 2. A vida na Prehistoria: alimentación, vivenda, ferramentas e utensilios, arte rupestre... 3. O legado das culturas prehistóricas en Galicia. 4. Recreación de formas de vida da prehistoria: obradoiros de arte rupestre, cerámica, colares, lume, e horta que promovan un aprendizaxe significativo para o alumnado.

Con estes obxectivos e posto en práctica o noso proxecto, traballamos as seguintes

competencias clave do currículo:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL): lectura de contos, enciclopedias e libros de consulta, fomentando a linguaxe oral; intercambio de información e linguaxe escrita nas diferentes tipoloxías; contacontos e dramatizacións sobre a prehistoria. A tal fin empregamos libros e recursos audiovisuais en diferentes idiomas.

2. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM): creamos materiais e ferramentas que simulaban as empregadas na prehistoria; confeccionamos as nosa propias cova e choza; clasificamos obxectos segundo a etapa da prehistoria (paleolítico, neolítico e idade dos metais)...

3. Competencia dixital (CD): empregando as TICs e a realidade aumentada para recrear escenas da prehistoria, a construción de ferramentas, ou a creación de obras de arte.

4. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): fomentando a curiosidade e o pensamento crítico a través de traballos en grupos colaborativos.

5. Competencia cidadá (CC): promovendo a colaboración entre iguais mentres traballamos en proxectos de equipo; respectando a diversidade de culturas; valorando a conexión entre a prehistoria e a vida moderna; fomentando o compromiso cidadán no que atinxe ó coidado do medio ambiente e do noso legado cultural.

6. Competencia emprendedora (CE): fomentando a creatividade, a innovación e o troco como precedente do comercio na nosa sociedade.

7. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): estimulando a creatividade e a expresión artística mediante a realización de obras de arte para decorar as nosas covas e chozas; visitando museos e xacementos arqueolóxicos do noso pasado.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O proxecto *De cando a humanidade aprendeu a sementar* parte dos importantes progresos alimentarios que se desenvolveron durante a **Prehistoria** para abordar dun xeito global o xeito de vida que imperou nesta época.


A diferenza doutros proxectos desenvolvidos en cursos precedentes, este foi **elixido e iniciado polas mestras de 4 anos**, polo que tivemos que idear un elemento de motivación inicial para suscitar o interese dos nenos/as por esta etapa da historia. Isto explícase de forma máis detallada no punto seguinte.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE ELABORACIÓN

Á vista do traballo desenvolvido, poderíamos dicir que o proxecto *De cando a humanidade aprendeu a sementar* tivo **tres fases**:

3.1. Motivación (Primeiro Trimestre)

A cronoloxía desta fase foi:

DATA	ACTIVIDADE	LIGAZÓNS (preme na imaxe)	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Finais outubro	Presentación do proxecto		Como motivación inicial, as mestras elaboramos unha carta na que un arqueólogo pedía axuda para investigar sobre os obxectos atopados recentemente na cova de Altamira.
Finais outubro	Presentación do proxecto	 	Ao mesmo tempo, recibimos un paquete con varios obxectos : ósos, vasillas de barro e cerámica, colares, cunchas e peles de animais. Sen darlles ningunha información, os nenos e nenas comezaron a facen suposicións acerca dos agasallos e a carta que recibiran. Comezamos a preguntarnos que é o que sabemos sobre a prehistoria, que queríamos saber e como íamos investigar .
Novembro e decembro	Recollida de información	 	Para responder ás nosas preguntas, trouxeron libros da casa, maquetas, ou obxectos relacionados co proxecto. En varias sesións acudimos á Biblioteca da Maga Tomasa, aportando libros informativos e de ficción. Os nenos/as comezaron a sentirse motivados co tema e cada vez querían saber máis e máis.

3.2. Traballo coa información (Segundo e Terceiro Trimestres)

Durante esta segunda fase, **organizamos os diferentes temas a investigar e pedimos axuda ás familias para ambientar a nosa aula na etapa da Prehistoria, creando unha propia cova, unha choza, disfraces ou ferramentas.** Tamén gozamos **de obradoiros organizados polas familias** contando así coa súa implicación, o que incrementou a motivación do noso alumnado.

A cronoloxía desta fase foi:

DATA	ACTIVIDADE	<u>LIGAZÓNS</u> (preme na imaxe)	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Xaneiro	A evolución do home		Coñecemos os cambios da especie humana en relación ao tamaño, cráneo, pelo, formas de camiñar... desde a Prehistoria ata a actualidade.
Xaneiro	A vivienda na prehistoria. Creación da nosa propia cova e choza observando os cambios dos modos de vida		Observamos as formas de vida na etapa do Paleolítico e as diferenzas co Neolítico e Idade dos Metais. Creamos unha cova - lugar de encontro na que todos/as poidésemos xogar, merendar, descansar, relaxarnos e crear historias propias.
Febreiro	Creación de disfraces e complementos de entroido		Creamos comunidade coas familias na preparación dos disfraces de Entroido. Traballamos a motricidade fina, a seriación a creatividade mediante un Obradoiro de creación de colares con pasta de modelar, contas de madeira e cunchas.

Febreiro	Saída ao Museo do Mar e obradoiro de cerámica	 	Coñecemos a Mariñona, unha nena que vivía na Prehistoria. Con ela descubrimos onde vivía, como se vestía, como facía o lume para quentarse, de que se alimentaba... Ademais, elaboramos a nosa cunca de cerámica, un descubrimento moi importante da Prehistoria que permitiu o transporte de sementes.
Febreiro	Obradoiros de arte rupestre		Aprendimos que as formas de representación artísticas da prehistoria coñécense como arte rupestre. Decoramos as nosas covas e creamos murais colectivos.
Marzo	Alimentación, a agricultura e a gandería	 	Nas xornadas da horta puidemos descubrir os primeiros cultivos da Prehistoria, algo moi importante nesa época, pois a agricultura supuxo un cambio na forma da vida desas comunidades, pasando de ser nómades a sedentarias. Sementamos cabaza, cereais (liño e cebada) e legumes (lentellas e garavanzos). Manipulamos as sementes e coidamos dos cultivos ó longo de todo o curso. Para coñecer a importancia da gandería e do proceso de domesticación dos animais contamos coa colaboración dunha familia que acudiu ao cole cunha cabra e que espertou un gran interese nos nenos e nenas polo tema.

Marzo	Semana da prensa e día da muller traballadora: Periolítico da Muller.		Decidimos crear o noso propio periódico prehistórico ao que puxemos por título Periolítico da Muller e na portada principal aparecía a muller máis importante da nosa vida.
Marzo	Construcións megalíticas: dolmen, taula, cromlech...		Reproducimos as diferentes construcións megalíticas con diferentes materiais: plastilina, pezas de madeira, palillos, legos...
Marzo	Grandes descubrimentos da Prehistoria: - O lume - A roda - Os metais	  	Traballamos algúns dos grandes descubrimentos das diferentes etapas da prehistoria: - O lume no Paleolítico cun obradoiro de lume coas familias - A roda no Neolítico observando a súa evolución ata a actualidade - O forno de ferro, os metais, o comercio e o troco na Idade do Metais: que permitiu mellorar as ferramentas, a aparición da cerámica e o intercambio de mercadorías.
Abril	Exposición de Política Lingüística " O amencer da humanidade "	 	Trouxemos ao centro unha exposición sobre a Prehistoria cedida pola Consellería de Política Lingüística e puidemos ver e tocar cranios de diferentes homínidos, animais como o oso cavernario e o dentes de sable que foi moi motivador para eles/as. Invitamos a toda a comunidade educativa.

Abril	Coñecemos algún dos animais prehistóricos		As familias participaron nun obradoiro de animais prehistóricos: mamut, bisonte, megalodon, oso perguiceiro, dentes de sable... e elaboramos un xogo de memoria cos animais máis representativos.
Maio	Publicación na revista polas Letras Galegas		Con motivo das Letras Galegas participamos na revista anual de centro "As nosas cousas" cun apartado adicado á Prehistoria.

3.3. Difusión do aprendido (meses de maio e xuño)

Os resultados das investigacións, plasmáronse en distintos formatos: lapbooks, vídeos expositivos, exposición a outros grupos, obra de teatro... Con todos estes materiais organizouse unha exposición para que poidera ser visitada polas familias. Sen embargo, o máis enriquecedor foi o intercambio de coñecementos que se produxo no mes de xuño grazas á obra de teatro realizada polo alumnado.

DATA	ACTIVIDADE	LIGAZÓNS (preme na imaxe)	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Maio	Lapbook		Con todos os materiais elaborados durante o curso creamos un lapbook interactivo como resumo de todo o aprendido (etapas, evolución, contidos máis relevantes...).
Maio	Vídeo exposición		Todo o que aprenderon sobre a Prehistoria quedou recollido nun vídeo no que participaron todos/as, aportando a información máis relevante de cada unha das etapas.

Maio	Saída ao Centro de Interpretación de Arte Rupestre de Campo Lameiro		A nosa saída de fin de curso foi a Campo Lameiro, un centro de interpretación de Arte Rupestre no que gozamos e vivenciamos todo o aprendido. Ata presenciamos unha exhibición do lume empregando diferentes técnicas e fomos vestidos cos disfraces da prehistoria.
Xuño	Exposicións á comunidade educativa		Quixemos compartir co alumnado e familias todos os materiais que tiñamos sobre o tema e participamos na exposición organizada pola biblioteca “A Maga Tomasa” na que puidemos enriquecernos do traballo realizado tamén polo resto dos cursos.
Xuño	Obra de teatro	 <i>(Preme na imaxe)</i>   	Como colofón final convertémonos en verdadeiros homes e mulleres da prehistoria para facer unha representación teatral que estivo á altura dos verdadeiros artistas. Foi representada ante as familias e ante Tratouse dunha actividade moi significativa para o alumnado de 4 anos, pola súa relevancia social, polo achegamento que supuxo a un medio de expresión tan potente como o teatro e pola mellora da súa competencia lingüística en lingua galega, nun entorno castelán falante tan dominante no noso centro.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO:

4.1. Para o profesorado

- Materiais para o [Traballo coa información](#) (Biblioteca da Maga Tomasa)
- [Fichas de traballo](#) para o alumnado en diferentes soportes e con diferentes materiais
- Planificación secuenciada de [temas a traballar](#) ao longo do curso
- Charlas mensuais sobre a [horta](#) (Cooperativa O Cerquiño).

4.2. Para o alumnado

Deseño de [fichas, actividades e materiais](#) necesarios para desenvolver o proxecto:

- [Carta do arqueólogo](#)
- [Tarxetas](#) das diferentes etapas da prehistoria
- Cancións: [El hombre de Cromagñon](#), [Tutira Mai Nga Iwi](#), canción da tribu Maorí e [¡Unga Balunga!](#)
- Vídeos educativos: [Happylearning](#), [Érase una vez el hombre...](#)
- Manipulación con [sementes](#)

Materiais para o Día da Muller Traballadora e Semana da prensa:

- [O periolítico da muller](#)

Obradoiros:

- O [lume](#)
- A [agricultura](#) e a [gandería](#)
- Construción dunha [choza](#) e dunha [cova](#)
- [Cerámica e colares](#)

Creación do [Lapbook final](#) para recoller todo o traballado

[Anticipacións para as saídas](#) realizadas para o alumnado

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO

- [Dossier da prehistoria](#)
- Creación do noso [recanto do proxecto](#)

- Saídas á [Horta da Tomasa](#)
- Saída ao [Museo do Mar](#)
- Saída ao centro de Interpretación de Arte Rupestre de [Campo Lameiro](#)
- Obradoiros: de lume, covas prehistóricas, [chozas](#), [arte rupestre](#), cerámica, colares
- [Periódico prehistórico](#)
- [Revista escolar “As nosas cousas”](#)
- [Lapbook da prehistoria](#): evolución, xogo de memoria, sementes do pasado, etapas da prehistoria...
- [Utensilios e ferramentas](#) da Prehistoria: o muiño de moer fariña, sílex, lanza, arco e frechas, agullas.
- [Exposición de traballos](#) para a comunidade educativa

6. RECURSOS EMPREGADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

6.1. Recursos persoais

Ao longo do proxecto empregáronse numerosos recursos persoais e materiais así como a consulta de diferentes fontes.

- Mestras titoras de 5º de Educación Infantil, mestras de apoio, mestras de Audición e Linguaxe e coordinadora da Biblioteca.
- Familias do alumnado de 5º de Educación Infantil
- Persoal da *Cooperativa O Cerquiño*

6.2. Recursos materiais

- Libros informativos aportados polas familias sobre o tema
- Fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca do centro.
- Cancións, contos, poemas...
- Material para obradoiros
- Material audiovisual relacionado coa temática
- Maquetas elaboradas polo alumnado e as familias

- Construcións elaboradas polas familias: cova e choza
- Recursos TIC para a busca de información en internet

6.3. Visitas e saídas

- Visita ao [Museo do Mar de Vigo](#)
- Saída ao Centro de interpretación de Arte Rupestre de [Campo Lameiro](#)

6.4. Fontes consultadas

6.4.1. Bibliografía

- “Historia Universal: La Prehistoria” El País Colecciones
- “La Prehistoria” Colección Mundo Maravilloso. Ed. SM
- “Mi Gran Libro de los Animales Prehistóricos”. Todolibro
- “El libro de los hombres prehistóricos”. Ed. SM
- “La Prehistoria” Biblioteca para mentes curiosas. Ideaka Edelvives

6.4.2. Webgrafía

- [Educación 3.0](#): Prehistoria (recursos e actividades educativas sobre la Prehistoria para nenos).
- [Pequeocio](#): Prehistoria para niños (recursos, xogos e actividades sobre a Prehistoria para nenos de educación infantil).
- [Happy Learning](#): (La prehistoria para niños).
- [Érase una vez el hombre](#).
- [El mamut chiquitito](#).
- Cancións: [El hombre de Cromagñon](#), [Tutira Mai Nga Iwi](#), e ¡[Unga Balunga](#)!

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da Comunidade Educativa pode calificarse de fundamental:

- O **Equipo Directivo** apoiou cada unha das propostas que formulamos ao longo do curso.
- O **profesorado** que incide no grupo participou nas diversas actividades e investigou sobre o tema elixido.
- As **familias** tiveron unha participación variada e intensa:

- [Investigando cos seus fillos/as](#) e acudindo á escola para contar aos compañeiros/as o que tiñan aprendido.
- Participando nas diversas propostas para as familias: obradoiros diversos como [lume](#), [pinturas rupestres](#), [chozas](#), covas, agricultores e [gandeiros](#) por un día...
- Confeccionando os [disfraces](#) para o Entroido.
- Participando como público na [obra de teatro](#)
- Acudindo á [Exposición de traballos](#).

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

8.1. Blogues

O proxecto foi difundido ao resto da comunidade educativa a través dos seguintes blogues:

- Educación Infantil: [asementeiradenavia](#)
- Biblioteca do centro “[Bibliotea da Maga Tomasa](#)”

8.2. Revista escolar: *As nosas cousas*

Cada curso, a revista inclúe un monográfico adicado á contribución de cada grupo-aula ao proxecto.

O número 18 céntrase no PDI “[A horta da Tomasa](#)” e nós concretamente na Prehistoria (da páxina 12 a 20).

8.3. Redes sociais

- Co ánimo de facilitar a difusión dos nosos traballos e propostas, temos creado un perfil de [Instagram](#) no que se compartiron algunhas das actividades.
- Tamén se difundiron estas actividades a través do [Facebook](#) e do [Twitter](#) da Biblioteca.

8.4. Exposición de traballos

- Rematados os temas de investigación, organizamos unha **exposición dos traballos** para o resto do alumnado e para as familias, a través de muráis, obxectos, ferramentas e carteis elaborados polo alumnado.
- No **vídeo final** os alumnos/as expuxeron o aprendido traballando a linguaxe oral.
- Na **obra de teatro**, no que o alumnado de 4 anos viaxou á prehistoria e deu unha lección do aprendido ao longo de todo o curso.

9. AVALIACIÓN

A finalidade da avaliación consiste en regular e mellorar a proposta educativa que ofrecemos. Isto lévanos a ampliar o noso campo de observación e a ter en conta non só os contidos apreendidos, senón tamén outros aspectos, como os sentimentos do propio alumnado acerca da súa propia aprendizaxe ou a contínua retroalimentación do proxecto.

9.1. Autoavaliación:

Nunha conversa co alumnado reflexionamos acerca dos procesos cognitivos da súa aprendizaxe e sobre o seu grao de participación e goce durante as actividades, deixando constancia nunha [folla de rexistro](#).

9.2. Avaliación do proceso:

Nesta avaliación tivemos en conta as situacións de ensino-aprendizaxe que tiveron lugar na aula (planificación e posta en marcha), a nosa propia intervención e actitude, os tipos de contidos priorizados...

Esta avaliación resultou fundamental para reconducir o proceso nos casos nos que resultou necesario.

9.3. Avaliación do aprendido polo alumnado:

Esta avaliación foi realizada a partir do **diario de clase**, no que fomos recollendo as observacións realizadas durante o proxecto, os coñecementos e as aportacións dos nenos/as na assemblea, o traballo realizado nos obradoiros e no recuncho do proxecto, así como todas as

actividades colectivas e individuais realizadas ao longo do mesmo. A avaliación foi realizada en relación aos criterios de avaliación e ás competencias básicas do currículo, entre outros aspectos.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA:

Ao longo deste proceso, a Biblioteca Escolar ten desenvolvido o papel de:

- dinamizadora do PDI;
- animadora das tarefas dos diferentes equipos docentes;
- espazo relevante para a investigación do alumnado sobre o tema do proxecto;
- facilitadora de materiais e recursos;
- difusora das actividades e tarefas desenvolvidas